

## **ACTA DO XURADO DO PREMIO DE BANDA DESEÑADA “VIRXINIA PEREIRA” 2017**

**REUNIDOS** o venres 3 de febreiro de 2017 o xurado profesional presidido por Kiko da Silva, director de O Garaxe Hermético e composto por Fran Bueno, Marilar Aleixandre, Fernando Llor e Cynthia Alfonso Barreiro.

Tras a deliberación, na que o xurado destacou a alta calidade dos 22 traballos presentados ao certame. Dos cales houbo 10 traballos realizados por mulleres. Tamén destacou a participación de xente de fóra de Galicia xa que era obrigatorio o uso do galego.

**DECIDIU** otorgar os premios do 1º Concurso de Banda Deseñada “Virxinia Pereira” as seguintes obras:

**1º PREMIO:** Dotado con 2.000 euros, que será entregado polo Concello de Pontevedra, curso de verán de BD (2017) cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra

**FRANCISCO PÉREZ OUTES** coa obra “**ÍTACA**”  
(Outes – A Coruña)

**2º PREMIO:** Dotado con 1.000 euros, que será entregado polo Concello de Pontevedra, un lote de BD cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra.

**PABLO PRADO FERNÁNDEZ** coa obra “**A CALQUERA**”  
(Pontearreas – Pontevedra)

**3º PREMIO:** dotado con 500 euros, que serán entregados polo Concello de Pontevedra, un lote de BD cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra.

**ADÁN ÁLVAREZ RIVAS** coa obra “**ENCONTROS NA NOITE**”  
(Moaña- Pontevedra)

**ACCÉSIT:** Dotado cun lote de BD cedido por O GARAXE HERMÉTICO, Escola Profesional de Banda Deseñada de Galicia, e publicación nunha revista que será distribuída polos centros de ensino de Pontevedra.

**ELÍSBET GARCÍA AIRES** coa obra “**O MEU FOGAR**”  
(Pontevedra)

O Concello de Pontevedra agasallará ás persoas premiadas cunha placa conmemorativa deseñada por Kiko da Silva. Durante a entrega de premios que terá lugar a primeira semana de novembro do 2017 nun acto no que se farán entrega tamén os Premios Ernestina Otero. Ademais inaugurarase unha exposición cos traballos gañadores na CASA DA LUZ e repartiranse exemplares da publicación coas Bds gañadoras do 1º Premio Virxinia Pereira 2017.

## **PREMIO AUTORA PROFESIONAL DE BD 2017**

O 1º PREMIO HONORÍFICO DE BD “VIRXINIA PEREIRA” ten un dobre obxectivo: recoñecer o seu traballo e abrir as portas a referentes femininos neste ámbito de creación cultural.

O xurado desta primeira edición decidiu otorgarlle o **Premio Honorífico de BD “VIRXINIA PEREIRA”** á autora galega de banda deseñada **EMMA RÍOS**.

O xurado destacou a gran calidade gráfica e narrativa da obra de Emma Ríos e o seu compromiso coa problemática de xénero, tanto na súa obra como no ámbito profesional e cotiá.

Tamén destacou o apoio as novas autoras de bd galegas, das cales moitas a teñen coma un referente.

O **Concello de Pontevedra** fará entrega durante a entrega de premios "Virxinia Pereira" a autora galardonada unha placa conmemorativa deseñada por Kiko da Silva.

## **EMMA RÍOS**

Naceu en Vilagarcía en 1976.

Licenciouse en arquitectura, pero abandonou o seu traballo pola paixón á BD.

Comezou autoeditándose en fanzines propios como **A prueba de Balas** ou no colectivo Polaqa.

Pero a súa carreira deu un xiro tras ser reseñada por Warren Ellis na súa páxina web, trala que recibiu unha oferta de Matt Gagnon, editor do "**Boom! Studios**", para facer unha miniserie en 4 números. Logo deixou a oficina de arquitectura, onde traballaba para dedicarse aos cómics e produciu **Hexed** (2008), con Michael Alan Nelson no guión e cor de Peter Cris. Para entón, xa era unha das estrelas convidadas en Viñetas en quadriños do Atlántico, 4 de marzo

Nas Xornadas de Aviles coñeceu a CB Cebulski que a puxo en contacto con editor Nick Lowe, da **Marvel Comics**, ofrecéndolle facer un xiro para Runaways, ao que seguiron unha miniserie do **Doutor Estranho** escritos por Mark Waid. Tamén fixo, escrito por Ricardo Gómez, unha adaptación do **Amadis de Gaula** ao **Grupo SM**.

Durante a San Diego Comic Con de xullo de 2012 anunciouse que Emma Ríos estaba traballando xunto á guionista Kelly Sue DeConnick en **Pretty Deadly**, un western de creación propia para Image protagonizada por unha asasina, no que pretenden retomar o ton dos westerns de Sergio Leone. Obra pola que foi nominada aos **Premios da Industria do Cómic Will Eisner, os óscars do cómic**.

Actualmente Traballa na serie **Mirror** xunto a Hwei Lim e ven de publicar unha nova obra como autora completa en **Astiberri** titulada **I.D.**, unha distopía que analiza o conflito entre a percepción ea identidade a través da loita de tres persoas que consideran un "transplante de corpo" como a solución para as súas vidas.

Pontevedra, 8 de marzo de 2017